



a ctividades

a)

* Realiza unha escala de grises. Transición do branco ó negro en 9 pasos.

Este exercicio realízase preferentemente con temperas, aínda que podería facerse tamén con lapis compostos, tinta, collage, etc. Procura no capítulo de procedementos (U.D. nº 12).





* Debuxa en dúas cartulinas iguais os rectángulos que vas empregar. Unha das cartulinas usará o final para pegar os tons na súa orde correcta, así que procura que non se manche; da outra recortarás as pezas que necesites.

Estas pezas tes que pintalas una vez recortadas e así non terás problemas cos seus límites.

48

* Comeza pintando o rectángulo do extremo negro. Despois mixtura unha parte de negro e unha de branco para obter o gris intermedio e así sucesivamente na orde que marca a ilustración. Ten en conta que a cor negra ten un alto poder de tinte, de maneira que para obter un gris intermedio non podemos mixturar a partes iguais o branco e o negro. É a vista a que che di se a mixtura é correcta.



* Procura que os "pasos" que hai en tonos e tonos sexan uniformes. Non é válido que haxa pouca diferenza entre dous tons que estean xuntos e, de repente, apareza un salto moi grande entre outros dous. Entón, os ollos para percibir a continuidade tonal. Podes usar este exercicio dándolle ás pezas outras formas e incluso construíndo figuras tridimensionais.

MATERIAIS



- * Unha cartulina dividida en dúas
- * Lápiz, regras, tesoiras e pegamento en barra
- * Dous botes de tempera (branco e negro)
- * Pincel do nº 8
- * Bote para a auga, trapo e mandilón
- * Xornal para as mesas e prato de plástico desechable para as mesturas

b)

*** Colocar na clase dous elementos calquera iluminando a escena primeiro desde unha posición e logo desde outra. Analizar os efectos.**

Fíxate nas diferencias que parecen producirse nos obxectos cando a luz cambia de lugar. Eles son os mesmos se non se moven do seu sitio e con todo non parecen iguais.


Tratar de fotografar a escena e facer logo fotocopias en branco e negro para repartilas por clase e que cada unha poida identificar os tipos de luces e sombras que estudiastes.



49

** Se non podesdes fotografar a escena de clase, procura ti unha ilustración calquera onde se aprecien claramente as zonas de máxima luz, penumbra, sombra propia, sombra desprendida e se é posible, luz reflexada. Identificaas unha a unha comezando por determinar cal é a dirección da luz.*

** Ponte de noite diante dun espello cunha linterna apuntándote á face e verás como che cambia, segundo a dirección na que pongas a luz.*



MATERIAIS

- * Dous obxectos suficientemente grandes
- * Un foco de luz
- * Cámara de fotos
- * Fotocopiadora
- * Lapis e/ou rotulador
- * Caderno para anotacións

Aula